

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015475	O Ribeiro	Ribadavia	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0260	Mecanizado básico	2023/2024	4	107	128

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ FERREIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

OBXETIVOS XERAIS:

-Seleccionar as máquinas, os utensilios, as ferramentas e os medios de seguridade necesarios para efectuar os procesos de mantemento na area de electromecánica.

-Realizar os esbozos e os cálculos necesarios para efectuar operacións de mantemento.

COMPETENCIAS PROFESIONAIS:

-Seleccionar os procesos de reparación interpretando a información técnica incluída en manuais e catálogos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Magnitudes unidades. e útiles de medida	Coñecer a metroloxía así como as unidades e sistemas de medida	20	20
2	Representación , tornillos e técnicas do roscado	Dibuxo técnico , tornillos e técnicas do roscado	25	20
3	Metais e aleacións	Coñecer os metais así como a súa aplicación no automóbil	8	5
4	Trazado, limado, tradeado	Coñecer o mecanizado a man e a máquina	35	25
5	Soldadura	Coñecer os tipos e os procesos da soldadura	40	30

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Magnitudes unidades.e utiles de medida	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Traza pezas para o seu posterior mecanizado, tendo en conta a relación entre as especificacións do esbozo e dos planos, e a precisión dos equipamentos de medida.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificáronse os equipamentos de medida (calibre, Palmer, comparadores, transportadores e goniómetros) e realizouse o seu calado e a súa posta a cero en casos necesarios.
CA2.2 Describiuse o funcionamento dos equipamentos de medida en relación coas medidas que haxa que efectuar.
CA2.3 Describíronse os sistemas métrico e anglosaxón de medición, e interpretáronse os conceptos de nonius e de apreciación.
CA2.4 Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para efectuar a medición e o trazado de pezas.
CA2.5 Realizáronse cálculos de conversión de medidas entre o sistema métrico decimal e o anglosaxón.
CA2.6 Realizáronse medidas interiores, exteriores e de profundidade cos instrumentos adecuados e coa precisión esixida.
CA2.7 Seleccionáronse os útiles necesarios para realizar o trazado das pezas e efectuouse a súa preparación.
CA2.8 Executouse o trazado adecuadamente e con precisión para a realización da peza.
CA2.9 Verificouse que as medidas de trazado correspondan coas dadas no esbozo e nos planos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Fundamentos de metroloxía. Sistemas de medidas.
Operacións de trazado.
Magnitudes e unidades.
Instrumentos de medida directa.
Aparellos de medida por comparación. Apreciación dos aparellos de medida.
Teoría do nonius.
Tipos de medida.
O trazado na elaboración de pezas.
Obxecto do trazado, fases e procesos.
Útiles do trazado.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Representación , tornillos e técnicas do roscado	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Debuxa esbozos de pezas e interpreta a simboloxía específica, aplicando os convencionalismos de representación correspondentes.	SI
RA6 - Constrúe pequenos útiles adaptados ás necesidades do traballo, e avalía as condicións de manipulación e execución.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Representáronse a man alzada vistas de pezas.
CA1.2 Interpretáronse as vistas, as seccións e os detalles do esbozo, e determinouse a información contida neste.
CA1.3 Utilizouse a simboloxía específica dos elementos.
CA1.4 Reflectíronse as cotas.
CA1.5 Aplicáronse as especificacións dimensionais e as escalas na realización do esbozo.
CA1.6 Realizouse o esbozo con orde e limpeza.
CA1.7 Verificouse que as medidas do esbozo correspondan coas obtidas no proceso de medición de pezas, elementos ou transformacións para realizar.
CA6.1 Relacionouse a solución construtiva cos materiais e os medios que se utilizaran.
CA6.2 Xustificouse a solución elixida.
CA6.3 Propuxéronse solucións alternativas aos problemas expostos.
CA6.4 Aplicáronse os procesos de conformación e de unión adecuados aos materiais utilizados na fabricación dos útiles.
CA6.5 Executáronse secuenciadamente os procesos necesarios para a fabricación do útil ideado.
CA6.6 Analizáronse as características construtivas e de seguridade dos útiles fabricados e o seu uso nos procesos de reparación, para conseguir unha maior produtividade.

4.2.e) Contidos

Contidos
Debuxo técnico básico.
Normalización de planos.
Simboloxía: normalización.
Planta, alzado, vistas e seccións.
Cotación.

Contidos

Técnicas de esbozamento.

Obxecto da tradeadura.

Normalización e representación de roscas.

Cálculos para a execución de roscas interiores e exteriores.

Medición de roscas.

Procesos de execución de roscas.

Máquinas de tradear.

Parámetros para ter en conta en función do material que se pretenda tradear.

Brocas: tipos e partes.

Proceso de tradeadura.

Escareamento.

Clases de parafusos.

Partes das roscas: tipos de roscas e o seu uso.

Sistemas de roscas.

Conformación de metais

Unión de metais.

Tolerancias de medidas.

Mantemento de ferramentas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Metais e aleacións	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Rosca pezas exteriormente e interiormente, para o que executa os cálculos e as operacións necesarias.	SI
RA5 - Realiza unións de elementos metálicos mediante soldadura branda e describe as técnicas utilizadas en cada caso.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbiuse o proceso de tradeadura e os parámetros que cumpra axustar nas máquinas segundo o material que se tradee.
CA4.2 Calculouse a velocidade da broca en función do material que se vaia tradear e do diámetro do trade.
CA4.3 Calculouse o diámetro do furado para efectuar roscas interiores.
CA4.4 Axustáronse os parámetros de funcionamento das máquinas tradeadoras.
CA4.5 Executáronse os furados nos sitios estipulados e efectuouse a lubricación adecuada.
CA4.6 Efectuouse o escareamento tendo en conta o furado e o elemento para embutir nel.
CA4.7 Selecionouse a vara tendo en conta os cálculos efectuados para a realización do parafuso.
CA4.8 Seguíuse a secuencia correcta nas operacións de roscaxe interior e exterior, e efectuouse a lubricación correspondente.
CA4.9 Verificouse que as dimensións dos elementos roscados, así como o seu paso, sexan as estipuladas.
CA4.10 Respectáronse os criterios de seguridade e de protección ambiental.
CA4.11 Descríbironse os tipos de roscas en relación cos posibles usos no automóbil.
CA4.12 Relacionáronse os tipos de brocas cos materiais que haxa que tradear, e explicáronse as partes dunha broca (ángulo de corte, destalonamento, etc.).
CA5.1 Descríbironse as características e as propiedades da soldadura branda.
CA5.2 Realizouse a preparación da zona de unión e elimináronse os residuos.
CA5.3 Selecionouse o material de achega en función do material base e a unión que haxa que efectuar.
CA5.4 Selecionáronse e preparáronse os desoxidantes adecuados á unión que se pretenda efectuar.
CA5.5 Selecionáronse os medios de soldaxe segundo a soldadura que se vaia efectuar.
CA5.6 Efectuouse o acendido de soldadores e lampadiñas respectando os criterios de seguridade.
CA5.7 Efectuouse a unión e o recheo de elementos, e comprobouse que cumplan as características de resistencia e homoxeneidade requiridas.

Criterios de avaliación
CA5.8 Descríbironse os compoñentes dos equipamentos de soldadura branda e mais o seu funcionamento.
CA5.9 Conseguíronse as características prescritas nas soldaduras executadas.

4.3.e) Contidos

Contidos
Características dos materiais metálicos máis usados no automóbil: fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc.
Obxecto da limadura.
Uso e tipos de limas atendendo á súa forma e ao seu picado.
Técnicas de limadura.
Corte de materiais con serra de man.
Follas de serra: características e tipos; elección en función do traballo que se vaia realizar.
Operacións de serraxe.
Corte con tesoiras de chapa: tipos de tesoiras.
Procesos de corte con tesoiras de chapa.
Equipamentos de soldar: soldadores e lampadiñas.
Materiais de achega.
Desoxidantes máis utilizados.
Preparación do metal base.
O estaño.
Procesos de execución de soldaduras.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Trazado, limado,tradeado	35

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Mecaniza pezas manualmente, tendo en conta a relación entre as técnicas de medición e as marxes de tolerancia das medidas dadas no esbozo e nos planos.	SI
RA4 - Rosca pezas exteriormente e interiormente, para o que executa os cálculos e as operacións necesarias.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Explicáronse as características dos materiais metálicos máis usados no automóbil (fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc).
CA3.2 Identificáronse as ferramentas necesarias para a realización do mecanizado.
CA3.3 Clasificáronse os tipos de limas atendendo ao seu picado e á súa forma, tendo en conta o traballo que vaian realizar.
CA3.4 Seleccionáronse as follas de serra tendo en conta o material para cortar.
CA3.5 Determinouse a secuencia de operacións necesarias.
CA3.6 Relacionáronse as ferramentas de corte con desprendemento de labra cos materiais, os acabamentos e as formas que se desexen.
CA3.7 Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para executar a peza.
CA3.8 Déronse á peza as dimensións e a forma estipuladas, aplicando as técnicas correspondentes (limadura, corte, etc.).
CA3.9 Efectuouse o corte de chapa con tesoiras previamente seleccionadas en función dos cortes.
CA3.10 Respectáronse os criterios de calidade requiridos.
CA4.1 Describiuse o proceso de tradeadura e os parámetros que cumpra axustar nas máquinas segundo o material que se tradee.
CA4.2 Calculouse a velocidade da broca en función do material que se vaia tradear e do diámetro do trade.
CA4.3 Calculouse o diámetro do furado para efectuar roscas interiores.
CA4.4 Axustáronse os parámetros de funcionamento das máquinas tradeadoras.
CA4.5 Executáronse os furados nos sitios estipulados e efectuouse a lubricación adecuada.
CA4.6 Efectuouse o escareamento tendo en conta o furado e o elemento para embutir nel.
CA4.7 Seleccionouse a vara tendo en conta os cálculos efectuados para a realización do parafuso.
CA4.8 Seguiuuse a secuencia correcta nas operacións de roscaxe interior e exterior, e efectuouse a lubricación correspondente.
CA4.9 Verificouse que as dimensións dos elementos roscados, así como o seu paso, sexan as estipuladas.

Criterios de avaliación
CA4.10 Respectáronse os criterios de seguridade e de protección ambiental.
CA4.11 Descríbironse os tipos de roscas en relación cos posibles usos no automóbil.
CA4.12 Relacionáronse os tipos de brocas cos materiais que haxa que tradear, e explicáronse as partes dunha broca (ángulo de corte, destalonamento, etc.).

4.4.e) Contidos

Contidos
Obxecto da tradeadura.
Normalización e representación de roscas.
Cálculos para a execución de roscas interiores e exteriores.
Medición de roscas.
Procesos de execución de roscas.
Máquinas de tradear.
Parámetros para ter en conta en función do material que se pretenda tradear.
Brocas: tipos e partes.
Proceso de tradeadura.
Escareamento.
Clases de parafusos.
Partes das roscas: tipos de roscas e o seu uso.
Sistemas de roscas.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Soldadura	40

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza unións de elementos metálicos mediante soldadura branda e describe as técnicas utilizadas en cada caso.	SI
RA6 - Constrúe pequenos útiles adaptados ás necesidades do traballo, e avalía as condicións de manipulación e execución.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbense as características e as propiedades da soldadura branda.
CA5.2 Realízase a preparación da zona de unión e elimináronse os residuos.
CA5.3 Selecciónase o material de achega en función do material base e a unión que haxa que efectuar.
CA5.4 Selecciónáronse e preparáronse os desoxidantes adecuados á unión que se pretenda efectuar.
CA5.5 Selecciónáronse os medios de soldaxe segundo a soldadura que se vaia efectuar.
CA5.6 Efectuouse o acendido de soldadores e lampadiñas respectando os criterios de seguridade.
CA5.7 Efectuouse a unión e o recheo de elementos, e comprobouse que cumplan as características de resistencia e homoxeneidade requiridas.
CA5.8 Descríbense os compoñentes dos equipamentos de soldadura branda e mais o seu funcionamento.
CA5.9 Conseguíronse as características prescritas nas soldaduras executadas.
CA6.1 Relacionouse a solución construtiva cos materiais e os medios que se utilizaran.
CA6.2 Xustificouse a solución elixida.
CA6.3 Propuxéronse solucións alternativas aos problemas expostos.
CA6.4 Aplicáronse os procesos de conformación e de unión adecuados aos materiais utilizados na fabricación dos útiles.
CA6.5 Executáronse secuenciadamente os procesos necesarios para a fabricación do útil ideado.
CA6.6 Analizáronse as características construtivas e de seguridade dos útiles fabricados e o seu uso nos procesos de reparación, para conseguir unha maior produtividade.

4.5.e) Contidos

Contidos
Equipamentos de soldar: soldadores e lampadiñas.
Materiais de achega.
Desoxidantes máis utilizados.

Contidos

Preparación do metal base.

O estaño.

Procesos de execución de soldaduras.

Conformación de metais

Unión de metais.

Tolerancias de medidas.

Mantemento de ferramentas.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Procedemento de cualificación para cada unha das unidades formativas.

Criterios de cualificación:

Sobre un total de 10 puntos

Contidos CONCEPTUAIS.....ata...4 puntos

Exames, exercicios escritos ou proxectos de cada unidade didáctica

Contidos PROCEDIMENTAISata...4 puntos

Na resolución individual e/ou en grupo de supostos prácticos relacionados cos contidos valorar:

- Resultado final do montaxe ou da práctica. Peso na nota 25%.
- Autonomía, habilidade e destreza para a realización das prácticas propostas, tempo empregado. Peso na nota 25%.
- Precisión para efectualas nos diferentes supostos prácticas . Peso na nota 25%.
- Seguridade e cumprimento das normas medio ambientais e de protección persoal. Peso na nota 25%.

Cada incumprimento das normas de seguridade restará, da nota deste apartado, 0.5 puntos ata un máximo de 2 puntos.

Contidos ACTITUDINAIS.....ata...2 puntos

Valorar tendo en conta:

- O traballo individual ou en grupo realizado. Peso na nota 50%
- Exercicios ou das fichas de traballo propostas. Peso na nota 25%
- Limpeza, recollida das ferramentas e do material utilizado. Peso na nota 25%

Non realizar as prácticas ou os exercicios propostos a diario, non recoller as ferramentas, non recoller os materiais utilizados, ou non entregar os exercicios e fichas de traballo propostas restará, da nota deste apartado, 0.5 puntos por cada incumprimento ata un máximo de 2 puntos.

Superar as diferentes unidades formativas, cunha nota igual ou superior a 4, para obter na media das unidades formativas unha nota de 5 puntos sobre 10 puntos.

Para superar unha avaliación, de forma positiva, os contidos conceptuais e procedimentais deben acadar por separado un mínimo do 40% (1.6 puntos e 1.6 puntos) respectivamente.

A acumulación de faltas de asistencia, xustificadas ou non, por parte do alumnado, que se correspondan ó 20% da duración total do módulo profesional, implicará a perda de dereito á avaliación continua.

As diferentes probas, exercicios ou prácticas, no caso de alumnado con necesidades educativas, poden ser adaptadas en tempo e formato.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aqueles/as alumnos/as que obtiveran unha puntuación menor a 3,5 puntos en un exame de unha avaliación poderán recuperar ese exame facendo un exame de recuperación. Se no exame de recuperación o/a alumno/a volve a acadar unha nota inferior a 3,5 puntos, dita avaliación continuará

suspensa.

A recuperación das avaliacións suspensas será realizada no período de recuperación de Xuño de 2021.

Estas actividades estarán encamiñadas a que o/a alumno/a, que non superou o módulo, acadase os coñecementos necesarios para cumprir cos contidos mínimos. Adaptaranse as circunstancias de tempo dispoñible nese período, así como se incidirá naqueles temas nos que o/a alumno/a presente mais dificultades.

Consistirá na realización dun exame escrito, o cal , incluirá tanto cuestións de tipo teórico como de tipo práctico e que reflexará contidos desenvolvidos no curso onde cada alumno/a realizará os apartados que non teña superados. A superación do módulo requirirá acadar unha puntuación igual ou superiores a CINCO en cada un dos apartados a recuperar por o/a alumno/a.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

PLAN EXTRAORDINARIO AVALIACIÓN

Para o alumnado que perdesse o dereito á avaliación, correspondentes ó módulo "Mecanizado Básico", por mor das súas inasistencias inxustificadas ás clases, establécese un plan extraordinario de avaliación que se realizará con anterioridade a avaliación final e consistirá na realización dunha proba escrita que incluirá contidos tanto teóricos como de tipo prácticos e nunha proba práctica (no taller). A superación do módulo requirirá acadar unha puntuación igual ou superiores a CINCO puntos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para o seguimento da programación, realizarase un rexistro dos contidos ou actividades que non se poidan impartir, con explicación dos motivos que o orixinou. De ser posible, aínda que sexa con posterioridade, trataranse de introducir novamente. Na práctica docente poden identificarse as seguintes fases: a Preparación das actividades docentes, a Realización destas e a Avaliación; para a avaliación de cada unha destas fases, empréganse

indicadores diversos, como:

¿¿Preparación: programación de actividades en función do recollido na programación, formulación dos obxectivos con claridade, selección e secuenciación

axeitada dos contidos, adopción de estratexias en función dos diversos contidos, planificación das clases de forma flexible, planificación dos criterios de avaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos, e planificación da miña actividade de xeito coordinado co resto do profesorado.

¿¿Realización: presentación dun plan de traballo expoñendo a súa finalidade, propoñer situacións introdutorias previas ao tema que se vai tratar, manter a interese do alumnado partindo das súas experiencias previas, comunicar a finalidade das aprendizaxes, informar dos progresos conseguidos,

relacionar contidos cos intereses dos alumnos, realizar actividades que aseguran a adquisición das realización de aprendizaxes propostas na programación, distribuír o tempo axeitadamente, utilizar recursos didácticos variados, etc.

¿¿Avaliación: aplicar criterios de ponderación segundo o indicado na programación, realizar unha avaliación inicial ao comezo do curso para detectar necesidades educativas específicas, utilizar diversos instrumentos de avaliación para cada un dos contidos, corrixir e explicar os traballos dos alumnos, utilizar diversas técnicas de avaliación en función do tipo de alumnado, etc.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial do alumnado, terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as

súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Tamén se exporán as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa. Esta información recollerase de:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Os acordos adoptados polo equipo docente na sesión de avaliación inicial, recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Aceptada a diversidade dos niveis de madurez entre o alumnado dunha aula, deseñaremos as estratexias adecuadas para resolver os problemas que dela se derivan e atender a esa diversidade con actividades e medios pertinentes. É evidente que o alumnado aprende de modos, formas e con ritmos diferentes, que a cantidade e calidade do aprendido tamén o é, pero especialmente que os mecanismos polos que se produce a aprendizaxe

significativa, está aceptado que son basicamente idénticos. Para conseguir que a diversidade non sexa un obstáculo, intentaremos desenvolver a autonomía progresiva dos alumnos, tanto no plano individual como no grupo. Para iso propoñemos actividades que deben resolverse en equipos de traballo, así como a distribución de tarefas compartidas, responsabilidades no grupo, non sen por iso esquecer o traballo individual que nesa etapa debe formar parte do proceso de aprendizaxe do alumnado tendente a unha maior autonomía no proceso. Para aqueles alumnos que non responda globalmente aos obxectivos programados, as medidas que se propoñen son:

¿¿Adaptacións curriculares

¿¿Medidas de flexibilización horaria, que permita o reparto de carga horaria en dous cursos, previa autorización pola Ins-pección Educativa.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O tratamento dos temas transversais está garantido en todas as unidades da programación, xa que para poder entender os diferentes conceptos hai que entender as formas de pensamento das diferentes sociedades e culturas. Por este motivo, en todas as unidades trátanse a modo de introdución as formas de pensamento e a filosofía dos diferentes períodos históricos. Estes contidos transversais poden incluírse en diversas categorías:

Educación ambiental.

Educación do consumidor

Educación moral e cívica.

Educación para a saúde e

Educación para a paz.

Educación para a igualdade

Educación viaria.

Educación para o ocio.

A educación ambiental e a Educación do consumidor teñen un nexo de extraordinaria importancia con este módulo, polo que serán as que máis se

desenvolvan

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As proposta polo departamento de T.M.V.,e o IES O Ribeiro.

Como por exemplo:

Visitas a empresas .

Asistencia a conferencias.

Elaboración de documentación fora da aula.

Participar en concursos

10.Outros apartados

10.1) currículo

A Lei Orgánica 3/2020, de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, deroga a Lei Orgánica 8/2013 e prescinde dos estándares de aprendizaxe como elemento prescriptivo do currículo (art. 6 bis). Con todo, a Disposición transitoria segunda bis da devandita Lei Orgánica 3/2020 indica que estes estándares de aprendizaxe avaliados terán carácter orientativo ata a implantación das modificacións introducidas no currículo, na organización e nos obxectivos de EP, ESO e BAC.

Segundo o calendario de implantación da Lei Orgánica 3/2020, a introdución dos novos currículos comezará o curso 2022-2023; polo tanto, con excepción do carácter orientativo dos estándares de aprendizaxe, seguen vixentes o Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, que establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato e máis o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.